

Calendario académico para o curso 2021/22

1. CURSO ACADÉMICO

O curso académico 2021/22 comprenderá desde o 6 de setembro de 2021 até o 31 de agosto de 2022. Abarcará dous períodos lectivos que se organizan en dous cuadrimestres, conforme se indica no apartado 2 deste calendario. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os períodos sinalados neste calendario para a avaliación.

Considerarase alumnado do curso académico 2021/22 aquel que deba ser avaliado das Prácticas/TFG/TFM en segunda oportunidade, cuxas actas se asinen e entreguen o 30 de setembro de 2022, conforme se establece neste calendario.

2. PERÍODOS LECTIVOS

As actividades académicas docentes comprenden os seguintes períodos lectivos:

Primeiro cuadrimestre: desde o 6 de setembro ao 22 de decembro de 2021

Segundo cuadrimestre: desde o 31 de xaneiro ao 13 de maio de 2022

Co fin de facilitar a planificación docente dos másters, e cando non precisen utilizar o período de avaliación, poderán iniciar as súas actividades docentes no mes de outubro e prolongalas até o 28 de xaneiro. Neste caso, o segundo cuadrimestre poderá comezar unha semana máis tarde. Para facer efectiva esta posibilidade as persoas coordinadoras dos másters deberanllo comunicar ao Servizo de Organización Académica.

3. AVALIACIÓN

Para a súa avaliación, os/as estudantes de grao e máster terán dereito en cada curso académico a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en catro períodos:

Oportunidades	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Adianto de oportunidade	Do 22 de novembro ao 10 de decembro de 2021 ¹	17 de decembro de 2021
Materias do primeiro cuadrimestre	Do 10 ao 27 de xaneiro de 2022	10 de febreiro de 2022
	Prácticas/TFG/TFM, fixadas polos centros	4 de marzo de 2022
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 18 de maio ao 7 de xuño de 2022	21 de xuño de 2022
	Prácticas/TFG/TFM, fixadas polos centros	8 de xullo de 2022
2ª oportunidade	Do 22 de xuño ao 15 xullo de 2022 ²	22 de xullo de 2022
	Prácticas/TFG/TFM, fixadas polos centros	30 de setembro de 2022

¹ As datas de avaliación correspondentes ao adianto de oportunidade serán establecidas polos centros só no caso de existiren solicitudes.

² Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre e/ou anuais.

Código Seguro De Verificación	beLxyl5SxO+Ynhq6SLqjjQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/05/2021 09:00:37
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/beLxyl5SxO+Ynhq6SLqjjQ==		



A matrícula e defensa do TFG e do TFM realizaranse conforme ao disposto nos artigos 1º, 2º e 3º da Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM, aprobada polo Consello de Goberno do 19/12/2013 e as súas modificacións posteriores.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 23 de decembro de 2021 até o día 7 de xaneiro de 2022 (ambos os dous incluídos); os días 28 de febreiro e 1 de marzo de 2022 e desde o día 11 ao día 18 de abril de 2022 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 28 de xaneiro de 2022 pola festividade do Día da Universidade. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día anterior ou o seguinte lectivo.

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28/05/2021

O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	beLxyL5SxO+Ynhq6SLqjjQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/05/2021 09:00:37
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/beLxyL5SxO+Ynhq6SLqjjQ==		

